



**ACTA Nº 5 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO “SUMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO
 (“RENTING”) DE CINCO VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE PORTO DO SON”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado de Prom. Económica).
- D^a. M^a. Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a. Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 12:25 horas.

HORA DE REMATE: 12:45 horas.

Na Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **27 de novembro de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adjudicar o contrato “Subministración mediante arrendamento con mantemento (“renting”) de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son” (cláusula 19^a do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

ÚNICO.- Proposta de adjudicación do contrato “Subministración mediante arrendamento con mantemento (“renting”) de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son”.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello dá conta do informe de data 24/11/20047 emitido pola tesoureira municipal no que se avalía a xustificación das ofertas realizadas polos empresarios POSADA MENÉNDEZ, S.L. (lote 1) e ANDACAR 2000, S.L. (lote 2), logo de ser requiridos pola Alcaldía, debido aos valores anormais ou desproporcionados que presentan e que as fan incorrer en temeridade, e no que se fai constar:

“INFORMO:

PRIMEIRO.- A licitadora Posada Menéndez (lote 1), manifesta ser beneficiario de importantes descontos coa empresa Renault, debido a un acordo interno entre eles, para o que aporta o correspondente informe/ presuposto da marca onde se xustifica o custe dos vehículos en 43.050,00€ iva incluído, polo que considerando queo prezo que oferta ó mes é de 867€, obtén un beneficio pola diferenza que ascende a 7.305,36€.

- $867€ \times 48 = 41.616€ \times 21\% = 50.355,36 €$.
- $50.355,36 - 43.050 = 7.305,36 €$.

No referido ao importe total dos seguros e mantemento dos vehículos, a licitadora non achega ningunha acreditación ao respecto, polo que enténdese como non xustificadas os aforros mencionados por estes conceptos ao non achegar ningunha documentación da que se desprendan os mesmos.

SEGUNDO.- En canto á xustificación aportada pola licitadora Andacar 2000, S.A. (lote 2), visto o informe emitido pola mesma, mediante o que se nos remite a proposición económica e o certificado de adjudicación dun contrato das mesmas características do Concello de El Ejido.

Non se pode considerar como unha xustificación ao respecto, pois da documentación achegada non se desprende con veracidade que os servizos ofertados se ofreceran de acordo ca prestación do servizo e

mediante unha boa execución do mesmo. Ademais a documentación presentada non se refire á empresa Andacar 2000, S.A. senón a Northgate España Flexible, S.A.

CONCLUSIÓN:

Realizada a análise da xustificación das ofertas desproporcionadas ou anormais:

- Consta xustificada parcialmente a oferta de POSADA MENÉNDEZ SL (lote 1).
- Non se xustifica a oferta de ANDACAR 2000 SL (lote 2).

O que se informa ós efectos de que o órgano de contratación decida o que estime máis oportuno."

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Declarar desproporcionada ou anormal a oferta presentada polo empresario ANDACAR 2000, S.L. (lote 2) e propor ao órgano de contratación o seu rexeitamento e exclusión do procedemento de contratación, de conformidade co previsto nos arts. 152 TRLCSP e 22.1 f) do RD 817/2009, do 8 de maio.

Segundo.- Declarar xustificada a oferta presentada polo empresario POSADA MENÉNDEZ, S.L. (lote 1) no procedemento de contratación, posto que a xustifica na súa parte principal, que é a adquisición e subministración dos vehículos.

Terceiro.- Clasificar, por orde decrecente de puntuación, as proposicións dos licitadores admitidos na licitación do contrato "Subministración mediante arrendamento con mantemento ("renting") de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son", segundo se indica a continuación:

Lote 1: subministración de 3 furgonetas:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	POSADA MENÉNDEZ, SL	44,00
2	ANDACAR 2000, SL	18,83
3	CRONORENT, SL	14,96

Lote 2: subministración de 2 todoterreo:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	CRONORENT, SL	25,01

Cuarto.- Elevar á Alcaldía- Presidencia, en canto órgano de contratación, proposta para a adxudicación do contrato "Subministración mediante arrendamento con mantemento ("renting") de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son" a favor dos empresarios POSADA MENÉNDEZ, S.L. (lote 1) e CRONORENT, S.L. (lote 2), de conformidade coa clasificación das proposicións efectuada.

Porto do Son, 27 de novembro de 2017.

Presidente,

D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

D^a. María José Maneiro Quintáns.

Vogal,

D. Antonio Romero Ribeiro.

Vogal,

D^a. M^a Mar Lirola Delgado.

Vogal,

D. José Manuel González García.

Secretaria,

D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez.